



**O MUNDO NON NECESITA MÁIS COMIDA
NECESITA MÁIS XENTE COMPROMETIDA**

Mans Unidas é a Asociación da Igrexa Católica en España para a promoción e o desenvolvemento dos países máis empobrecidos.

Desde a súa fundación en 1960 traballa para acabar coa escandalosa lacra do fame no mundo.

Como denuncia a FAO, malia que se produce o suficiente para alimentar a case o dobre da poboación mundial actual, aínda segue habendo **case 800 millóns de persoas que non poden comer**, ás que se nega o dereito fundamental a alimentarse. Segundo o [Informe do Programa Mundial de Alimentos \(2015\)](#), **a fame representa o maior risco para a saúde no mundo**, porque mata a máis persoas cada ano que a sida, a malaria e a tuberculose xuntas. Supón o maior atentado contra a dignidade das persoas.

O fundamento da loita contra o fame, que Mans Unidas comparte tamén con outros actores da sociedade civil, radica na **defensa efectiva do dereito á alimentación** para todas as persoas. Neste sentido, a nosa Organización traballa:

- Acompañando procesos de gobernabilidade democrática para esixir políticas favorables a unha alimentación axeitada.
- Apoando proxectos de seguridade e soberanía alimentaria, compatibles coa sostibilidade medioambiental.
- Participando na denuncia de mecanismos que provocan ou manteñen a fame no mundo.

A fame é un problema social con implicacións éticas que esixen unha resposta decidida, tanto a nivel de Estados como a nivel internacional; resposta que desde Mans Unidas artículase axeitadamente en torno a principios como a **solidariedade**, a **defensa do ben común**, a **opción polos pobres** e o recoñecemento do **destino universal dos bens**.

Esta Campaña de Mans Unidas, fundamentada na dignidade das persoas e o seu dereito á alimentación, concrétese en **tres compromisos**:

COMPROMISO CUNHA COLLEITA DE ALIMENTOS PARA O CONSUMO HUMANO, NON PARA A ESPECULACIÓN.

O noso propósito é facer ver que os alimentos deixaron de ser comida para saciar a fame das persoas, para converterse nun activo financeiro máis co que moitos inversionistas poden especular para gañar diñeiro. Queremos denunciar a especulación co prezo dos alimentos; sensibilizar e capacitar sobre a produción diversificada; crear sistemas de almacenamento e conservación de alimentos e xestionar os excedentes a nivel local.

COMPROMISO CUNHA COLLEITA RESPETUOSA CO MEDIOAMBIENTE.

Queremos promover un consumo e produción sostenibles en torno á agricultura familiar. Pretendemos sensibilizar á poboación sobre o noso alto nivel de consumo que reforza modelos agroindustriais con consecuencias medioambientais; e capacitar ás comunidades sobre técnicas de mellora da produtividade agrícola compatible coa sostibilidade medioambiental e de conservación das colleitas.

COMPROMISO CUN APROVEITAMENTO RIGOROSO DOS ALIMENTOS QUE EVITE A PERDA E DESPERDICIO DE ALIMENTOS.

Promovemos un sistema alimentario que permita un aproveitamento integral da produción, evitando a perda e desperdicio de alimentos. Para iso apoiamos prácticas agrícolas axeitadas de colleita, de transformación, de transporte e conservación; denunciemos a realidade da perda e desperdicio de alimentos e as súas consecuencias éticas, económicas e de contaminación; fomentamos un consumo responsable e unha vida máis solidaria e sostible mediante un cambio de hábitos de compra e consumo.

En 2017 plantamos cara á fame co noso **compromiso**: compromiso cunha concepción dos alimentos como comida para seres humanos e non como negocio; compromiso cunha agricultura sostible e compromiso cun aproveitamento integral da produción que evite a perda e desperdicio de alimentos.

Porque, como di o lema da nosa Campaña deste ano:

**O MUNDO NON NECESITA
MÁIS COMIDA
NECESITA MÁIS XENTE
COMPROMETIDA**

